



LAGOAS DE BEGONTE

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6,5 km (en parte circular)

Dificultade: baixa

Duración: de 2 horas en diante

Coñecidas tamén cos nomes de lagoas de Riocaldo e do Pedroso. Son un conxunto de lagoas situadas xunto ao río Ladra no concello de Begonte, entre as parroquias de Begonte e Pacios.

A maioría orixináronse polas explotacións mineiras para a extracción de area, arxila e seixo a partir da década de 1940, aínda que na zona xa existían varias, do que deixa constancia o clérigo e botánico Baltasar Merino na súa obra "*Viajes de herborización por Galicia*" na que cita unha pequena lagoa próxima aos Pozos do Olla que acolle algunhas especies de plantas que hoxe están protexidas.


O sistema acolle unha abundante flora e fauna acuáticas entre as que se atopan algunhas especies de interese o que fixo que se incluíran no LIC "Parga-Ladra-Támoga" da Rede Natura 2000. Ademais a totalidade da superficie do concello de Begonte atópase incluído dentro da Reserva da Biosfera "Terras do Miño", desde novembro do 2002. Nas beiras, ou asentadas no fondo podemos atopar salgueiros, amieiras, bidueiros, carrizos, espadainas (*Typha...*), varios xuncos entre eles o *Cladium mariscus*, cardíño da lagoa (*Eryngium viviparum*) salgueiriño (*Lythrum salicaria*), *Galium palustre*, *Luronium natans*, *Pilularia globulifera*, trevo de auga, frundiño (*Myrica gale*), *Ceratophyllum demersum...* e dentro da auga destaca a presenza da planta carnívora *Utricularia australis*.

A fauna está constituída por mamíferos como a lontra, numerosas aves acuáticas e limícolas entre as que se atopan a garza real, o corvo mariño, o mergullón pequeno, diferentes tipos de patos (lavancos, cercetas reais, patos culler, pato asubión, pato ceniciento, pato rabilongo...), galiñola negra, pílara dourada..., maiormente como invernantes e nos pasos migratorios, e numerosas aves de bosque, sobre todo paxaros, e aves de rapina; anfibios como as rás (verde e arborícola), sapos, pintegas e pintafontes, invertebrados acuáticos (libeliñas e cabalos do demo, cangrexo de río americano, moluscos e insectos)...



A ruta, en parte circular, pódese empezar en calquera lugar, pero o mellor e facelo desde o punto sinalado porque nos permite deixar o noso vehículo aparcado fóra da estrada. Desde ahí volvemos á estrada camiñando, e circulando pola esquerda sen ter que cruzala, xa pasamos a carón de varias lagoas (secas no verán); ao pé e antes da primeira casa que atopamos pola nosa man sae unha pista que nos volve a separar da estrada para meternos no terreo das lagoas. A primeira pouco fonda, e que tamén queda sen auga no verán, xa a temos á nosa dereita ao pouco de entrar no camiño, un pouco máis adiante e esta vez á esquerda empezamos a entrever polo medio da vexetación unha lagoa de grandes dimensións, para vela de preto hai que seguir camiñando ata un punto no que apenas hai árbores. Ao chegar ao cruce de camiños collemos o da esquerda e no empalme seguinte outravolta á esquerda, baixando por el chegaremos a un cruce onde colleremos o ramal da dereita, ahí mesmo temos outra lagoa, á dereita, e un pouco máis adiante o lugar onde deixamos o vehículo e outra lagoa, tamén á dereita. Aquí comeza un novo tramo da camiñada, este de ida e volta polo mesmo sitio, que nos leva ata a estrada que vai ao Pedroso nela collemos á dereita ata chegar á ponte que cruza a autovía desde onde temos unha fermosa panorámica dunha lagoa que queda á nosa esquerda e despois de cruzar a ponte, á esquerda atopamos a última lagoa da ruta e o sitio desde o que facemos o camiño de volta.

Unha pequena derivación desta ruta (800 m ida e volta) permítenos visitar os **Pozos do Olla**, dúas pequenas lagoas cun entono totalmente natural. Para achegarse a elas, desde a estrada, crúzase a vía do tren e, camiñando polo claro do tendido eléctrico, atopamos, a uns 250 m, á esquerda, a primeira lagoa; pasando á beira dela e meténdonos no bosque, noutros cen metros atopamos a segunda.



8 OS POZOS DO OLLO

Os Pozos do Olllo orixináronse por un afundimento do terreo. Son dúas pequenas lagoas rodeadas de vexetación natural entre as que hai algúnhas especies invasoras. A máis grande mide 45 m de diámetro e ten unha profundidade máxima de 38 m. Acolen unha rica flora e fauna acuáticas. Hai numerosas lendas que fan referencia a tres mozas ou mouras que fan encantamentos, ao asolagamento dunha cidade ou dun reximento francés, a que sube e baixa a auga coas mareas...



Ambroíños (*Nymphaea alba*)



Cladium mariscus, un xunco de grande tamaño (ata 2,5 m de altura), raro en Galiza.





Salgueiriño (*Lythrum salicaria*)



Utricularia australis



Estroza (*Hyla arborea*)



Margullón pequeno (*Tachybaptus ruficollis*)



Xunco (*Juncus conglomeratus*)



Galiñola negra (*Fulica atra*)



Cangrexo de río americano, unha especie invasora nalgúns ríos e humidaís da Terra Cha.



Cabalo do demo, candil tenazado (*Onychogomphus forcipatus*)